



O voluntariado de lectura neste CEIP Mestre Manuel García de Oia é unha iniciativa que se ven desenvolvendo no centro no marco da rede de actividades que presenta a biblioteca cun amplo bagaxe en anos previos e cuns excelentes resultados na implicación e formación do alumnado participante. É por iso que este ano apostamos pola súa posta en valor e visibilización a través desta solicitude.

Alumnado participante:

-9 alumnos/as de 5º de EP

-12 alumnos/as de 6º de EP.

ACTIVIDADES PREVISTAS:

- Sinatura do compromiso de colaboración** no que se indican: obxectivos, duración, dereitos, obrigas e funcións.
- Acreditacións** para o desempeño do voluntariado con fotografía e datos.
- Programa formativo** nos dous primeiros meses para coñecer o sistema de organización dos libros da biblioteca e participar na súa colocación e recollida velando porque a biblioteca estea sempre organizada.
- Calendario mensual** coa organización de voluntarios nos recreos e/ou horas de ler e as tarefas encomendadas.
- Participar nas actividades de **préstamos, devolucións e organización da biblioteca** que se desenvolvan no recreo, na hora de ler ou noutras horas acordadas a través do programa MEIGA.
- Participar nas actividades de **etiquetaxe e catalogación** baixo a supervisión do equipo de biblioteca.
- Colaborar na **realización de materiais** necesarios para a biblioteca (Carteis, etiquetas, murais...).
- Axudar a **reparar** aqueles **libros** que estean en mal estado.
- Participar na **decoración e acondicionamento da biblioteca** para a realización de actividades, festividade e conmemoracións.
- Asesorar e axudar ó resto do alumnado** no acceso ós libros e materiais da biblioteca prestando especial atención a aquel alumnado con máis necesidades e facéndoos conscientes da necesidade dunha biblioteca cada vez máis inclusiva e solidaria.
- Proposta para a **adquisición de novos libros**, xogos ou melloras da biblioteca.
- Realización de presentación e control técnico da pantalla visual** da entrada para a proxección de información relacionada coa biblioteca ou co centro.
- Informar** das novidades, actividades e **asuntos relacionados coa biblioteca** ós distintos grupos do centro.
- Empregar o disfrace da **mascota da biblioteca "Bibli"** para o anuncio e promoción de actividades da biblioteca e a súa dinamización.
- Desenvolver actividades e pequenos obradoiros** nos que se traballen obxectivos relacionados coa biblioteca. Club de letras e letering.
- Outras funcións** que se foran acordando ó longo do curso.
- Diploma acreditativo** do voluntariado e agasallo corporativo da biblioteca.

ÁLVARO GÓMEZ FDEZ. (Coordinador biblioteca- BibliOia)